

# GRAND TOUR

Miguel Gomes, 2024

# 1474

ESTREA EN NUMAX: 07.03.2025 | V.O.S.E. | 129 min

Rangún, Birmania, 1917. Edward, funcionario do Imperio Británico, foxe da súa prometida Molly o día que esta chega para casar. Durante a súa viaxe, con todo, o pánico dá paso á melancolía. Contemplando o baleiro da súa existencia, o covarde Edward pregúntase que sería de Molly... Decidida a casar e divertida pola xogada de Edward, Molly séguelle a pista a través de Asia.

«Unha oda á beleza que emana de toda tristura»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



## O gran círculo

Por Miguel Gomes

Empecei a configurar a película na véspera da miña voda. Estaba a ler un libro sobre viaxes titulado *O cabaleiro do salón*, de Somerset Maugham. En dúas das súas páxinas, Maugham describe un encontro cun inglés residente en Birmania. Este home fuxira da súa prometida a zonas afastadas de Asia antes de ser encontrado e embarcarse nun matrimonio próspero. Basicamente, era unha historia que xogaba con estereotipos universais: a obstinación feminina sobrepoñíase á covardía masculina.

A viaxe do noivo seguía o roteiro do "gran círculo". A principios do século XX, o "gran círculo" asiático, que comezaba nunha das cidades indias máis importantes do imperio británico e terminaba no afastado oriente (China ou Xapón), era a viaxe máis cotizada da época. Moitos viaxeiros europeos aventuráronse a iso e algúns escribiron libros sobre a súa experiencia. Ao adoptar o enfoque xenérico do prometido fuxitivo que segue o roteiro do "gran círculo", decidimos non empezar a escribir o guión ata facer o "gran círculo" nós mesmos. Gravamos a viaxe en 2020 e creamos un arquivo de imaxes e sons. Despois de visionar todo este material de arquivo, escribimos o guión.

Ao contrario do que sucede normalmente en películas nas que se traballa con material de arquivo, as imaxes que usamos pertencen ao presente e non ao pasado. O resto da película, a rodaxe no estudio, que tivo lugar en Lisboa e Roma, reflicte o pasado. A historia desenvólvese en 1918. Os dous personaxes principais da película cobren todo o amplo territorio porque se van entrecruzando. Edward foxe da súa prometida, Molly, e Molly persegue o seu prometido, Edward. En esencia, a película constrúese coas aventuras que viven Edward e Molly durante a súa viaxe. Estas mostran a interacción virtual que hai entre ambos na sinfonía dun desfasamento causado por outras persoas durante o camiño e polo estoupido do caos no mundo.

Tal e como sucede nas comedias de enredo americanas dos anos trinta e corenta, a muller é a cazadora e o home, a presa, pero a ambos os personaxes sepáraos o espazo e o tempo da película. Co cambio do enfoque masculino ao feminino, esta comedia convértese nun melodrama. Hai varios "grandes círculos" nesta longametraxe. Por unha banda, está o círculo xeográfico que se observa nas imaxes da Asia contemporánea, que casan coa viaxe que seguen os personaxes na Asia imaxinaria rodada no estudio.

Por outro, está o "gran círculo" emocional que viven Edward e Molly, cada un á súa maneira: ambos se moven nun territorio emocional, que é igual de vasto que o que percorren fisicamente. Por riba de todo, está o círculo inmenso que reúne o que está dividido: países, xéneros, épocas, realidade e imaxinación; o mundo e o cinema. Convido encarecidamente os espectadores e espectadoras a penetrar neste último "gran círculo". Creo firmemente que o cinema vai disto.

Publicado en <https://avalon.me/>



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Tabú*,  
Miguel Gomes.  
Intemeradio [DVD]

*Jugar con la memoria. El  
cine portugués del siglo  
XXI.*  
VV.AA.  
Shangrila, 2014